

¿Como funciona CSS?

O proceso de funcionamento das follas de estilo en cascada é realmente sinxelo:

- 1º. Hai que comezar cun documento XHTML (ou HTML). En teoría o documento terá unha estrutura lóxica e un significado semántico ó traveso dos elementos XHTML axeitados. Con XHTML créase a estrutura da páxina Web.
- 2º. Logo hai que escribir regras de estilo para definir o aspecto ideal de todos os elementos. As regras seleccionan o elemento en cuestión polo seu nome e, a continuación, listan as propiedades (fonte, color, etc.) que se lle van a aplicar.
- 3º. Por último hai que vincular os estilos ó documento. As regras de estilo poden reunirse nun documento independente e aplicarse a todo o sitio, ou poden aparecer na cabeceira e aplicarse só a ese documento.